

**GUÍA DE ORIENTACIÓN  
ACADÉMICA PARA  
O ALUMNADO  
DE EDUCACIÓN DE  
ADULTOS**

Estimado/a alumno/a:

Sabemos que, como estudante que es, estás nun momento de moitas dúbidas, no que che fai falla toda a información, para poder tomar as decisións que van afectar ao teu futuro.

Este documento pretende ser unha ferramenta que che axude a reflexionar e aclarar todas as cuestións sobre os teus estudos.


Somos conscientes de que en educación os cambios son constantes, así que, con isto pretendemos darche a información sobre o sistema educativo actual, as distintas etapas educativas, o acceso a cada unha delas, etc.

Xunto con esta guía debes traballar outros aspectos como as túas capacidades e intereses, así como a túa situación persoal actual. Todo isto che vai axudar na toma de decisións.

**A Orientadora**

M<sup>a</sup> Jesús Rodríguez Lastres

## ESTRUTURA DO NOVO SISTEMA EDUCATIVO (LOMCE)



---

## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA DE ADULTOS

---

### Qué é?

A **Educación Secundaria Obligatoria (ESO)** é unha etapa educativa obrigatoria e gratuíta que completa a educación básica.

A ESO ten como **finalidade**:

- Lograr que todos adquiren os elementos básicos da cultura: humanísticos, artísticos, científicos e tecnolóxicos.
- Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e de traballo.
- Preparar para a incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral.
- Formar a todos para o exercicio dos seus dereitos e obrigas na vida como cidadáns.

### Requisitos de acceso.

Todas as persoas adultas maiores de 18 anos que desexen obter o título de graduado en educación secundaria.


Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos, que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar estes estudos polo réxime ordinario.

### Cómo se organizan estas ensinanzas.

Constan de catro módulos de duración cuadrimestral. Cada un organízase en tres campos de coñecemento:

- Ámbito de comunicación.
- Ámbito de sociedade.
- Ámbito científico-tecnolóxico.

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente.



(Imaxe da aula virtual)

## Duración

Estas ensinanzas poden realizarse, con carácter xeral, en dous cursos académicos.

As persoas adultas poden permanecer cursando estas ensinanzas o tempo que o seu ritmo de aprendizaxe precise.

## Titulación

Unha cualificación da etapa de secundaria igual ou superior a 5 sobre 10 puntos.

## Continuación

### Co título de GESO:

- Bacharelato.
- Ciclo Formativo de Grao Medio.
- Ensinanzas Artísticas.
- Oposicións.

### Sen o título de GESO:

- Programas de Formación para o Emprego.
- Probas de acceso a Ciclos de Grao Medio.
- Proba libre para a obtención do Título de GESO.

---

## BACHARELATO DE ADULTOS

---

### Qué é?

O Bacharelato forma parte da educación secundaria postobligatoria e, polo tanto ten carácter voluntario. Comprende dous cursos académicos.

O Bacharelato desenvólvese en modalidades diferentes, e organízase de modo flexible e, no seu caso en distintas vías, a fin de que poidan ofrecer unha preparación especializada ao alumnado acorde coas súas perspectivas e intereses de formación ou permita a incorporación á vida activa unha vez finalizado o mesmo.

### Requisitos de acceso

Todas as persoas adultas maiores de 18 anos que cumpran algún dos requisitos académicos de acceso que se especifican a continuación:

- Posuír o título de graduado en educación secundaria.
- Posuír o título de técnico auxiliar de formación profesional de primeiro grao.
- Ter aprobado o segundo curso do bacharelato unificado e polivalente (BUP) ou, como máximo, con dúas materias non superadas.
- Ter o título de técnico correspondente á formación profesional de grao medio.

Excepcionalmente, poderán cursar estas ensinanzas persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar os estudos de bacharelato polo réxime ordinario.

### Cal é a finalidade desta etapa?

- Proporcionar ao alumnado, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia.
- Capacitar ao alumnado para acceder á educación superior.

### Cales son as modalidades de Bacharelato?

As modalidades de Bacharelato son as seguintes:

- Ciencias.
- Humanidades e Ciencias Sociais.
- Artes.

## Como se organizan as materias nesta etapa?

A partir da modificación da organización e elementos curriculares realizada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, as materias agrúpanse en tres bloques:


- Materias troncais.
- Materias específicas.
- Materias de libre configuración autonómica.

## Cómo se organizan estas ensinanzas

Estas ensinanzas poden cursarse en dous anos escolares, por curso completo, ou por materias de forma independente.

A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais.

A comunicación cos tutores é a través da Aula Virtual do IES San Clemente, vía telefónica ou de maneira presencial, no horario de Titoría Multimedia do profesorado.



(Imaxe da aula virtual)

## Qué podo facer despois?

### Co título de Bacharelato:

- Ciclo Formativo de Grao Superior.
- Proba de acceso á Universidade.
- Ensinanzas de Réximen Especial.
- Oposicións.

**Sen o título de Bacharelato:**

- Programas de Formación para o Emprego.
- Probas de acceso a Ciclos de Grao Superior.
- Proba libre para a obtención do Título de Bacharelato.
- Probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.
- Probas de acceso á Universidade para maiores de 40 anos.
- Probas de acceso á Universidade para maiores de 45 anos.

---

## A FORMACIÓN PROFESIONAL

---

### Qué é a FP?

A formación profesional do sistema educativo abrangue o conxunto de accións formativas estreitamente relacionadas coas ocupacións, as profesións e o mercado de traballo.

A formación profesional é un conxunto de accións formativas que capacitan para o exercicio dunha profesión, preparan para o acceso ao emprego e facilitan a adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida.

A formación profesional actual ofrece unha base sólida xeral e unha especialización acorde co mercado laboral e co coñecemento práctico das novas tecnoloxías. Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo, aspecto que se trata de garantir combinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas.

Así, o alumnado de Formación Profesional realiza actividades formativas nas empresas (formación en centros de traballo, ou FCT), o que lle proporciona o complemento da práctica real á formación recibida.

Coa FCT a formación profesional crece e avanza para adaptarse a unha sociedade que valora cada vez máis as persoas profesionalmente cualificadas.

Os estudos de Formación Profesional están en proceso de actualización como consecuencia da implantación da Lei 8/2013, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

### Como está organizada a formación profesional no sistema educativo?

A formación profesional do sistema educativo abrangue os módulos profesionais específicos dos programas de cualificación profesional inicial, os ciclos formativos de grao medio e os ciclos formativos de grao superior.



## Qué son os ciclos formativos de grao medio (CGM)?

Os ciclos de grao medio forman parte da ensinanza secundaria postobrigatoria.

Coa superación dun ciclo de grao medio obtense o título de técnico.

Os ciclos formativos agrúpanse en 26 familias profesionais –grupos de ocupacións– que configuran un sector económico e concorren nunha mesma actividade produtiva.

A relación das familias profesionais e os ciclos formativos de cada unha delas está dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp>

## Cal é a duración dun ciclo formativo?

A maioría dos ciclos formativos teñen unha duración de 2.000 horas, ou dous cursos académicos, aínda que con excepcións nalgúns ciclos do anterior sistema educativo.

## Cómo podo cursar estas ensinanzas?

Hai tres formas de cursar os ciclos formativos:

- **Réxime ordinario:** Este réxime está organizado en cursos, normalmente dous, en quendas de mañá e tarde. A asistencia ás clases é obrigatoria. O alumnado que estea en condicións de pasar a segundo curso deberá realizar unha solicitude de admisión aínda que terá a praza garantida sempre que sexa no mesmo centro. O alumnado que teña que repetir o curso terá que realizar unha nova solicitude de admisión, aínda que terá a praza garantida sempre que repita por primeira vez no mesmo centro e ciclo.
- **Réxime para as persoas adultas na modalidade presencial:** Este réxime está organizado en módulos que se imparten ao longo dos tres trimestres do curso. A xornada lectiva desenvólvese polo xeral en quenda de tarde-noite. A asistencia ás clases é obrigatoria. Nos módulos de ciclos LOE asociados a unidades de competencia o alumnado pode matricularse sen cumprir requisitos de acceso sempre que acredite dous anos de experiencia laboral no ámbito da familia profesional do ciclo formativo. Para a obtención do título será preciso ter os requisitos de acceso e superar todos os módulos do ciclo formativo. Cada curso haberá que facer unha nova solicitude de admisión. Aínda que a praza non está garantida, cada módulo superado incrementa a puntuación de participación no proceso de admisión.
- **Réxime para as persoas adultas na modalidade semipresencial ou a distancia:** Este réxime está organizado en módulos que se imparten ao longo dos tres trimestres do curso. A asistencia ás titorías e outros eventos formativos presenciais é recomendable, pero non obrigatoria. Para a realización das actividades a distancia seguiranse as instrucións do titor do curso. Nos módulos de ciclos da LOE asociados a unidades de competencia o alumnado pode matricularse sen cumprir os requisitos de acceso sempre

que acredite dous anos de experiencia laboral no ámbito da familia profesional do ciclo formativo. Para a obtención do título será preciso cumprir os requisitos de acceso e superar todos os módulos do ciclo formativo. Cada curso haberá que facer unha nova solicitude de admisión. Aínda que a praza non está garantida, cada módulo superado incrementa a puntuación de participación no proceso de admisión.

---

## ENSINANZAS ARTÍSTICAS

---

### ARTES PLÁSTICAS E DISEÑO

Son ensinanzas artísticas profesionais que se ordenan en ciclos formativos de grao medio e superior, agrupados en familias profesionais artísticas.

Para o acceso aos **Ciclos de Grao Medio** téñense que cumprir os seguintes requisitos:

*-Estar en posesión do título de Graduado en ESO ou título declarado equivalente.*

*-Superar unha proba de acceso específica mediante a que se deberán acreditar os coñecementos e aptitudes necesarias para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.*

E o título que se obtén é o de *Técnico de artes plásticas e deseño en...* (denominación do ciclo correspondente). Dita titulación permite o acceso ao Bacharelato na súa modalidade de Artes (coas convalidacións establecidas).

Para o acceso aos **Ciclos de Grao Superior** téñense que cumprir os seguintes requisitos:

*-Estar en posesión do título de Bacharelato ou título declarado equivalente.*

*-Superar unha proba de acceso específica mediante a cal se deberá amosar tanto a madurez intelectual como as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.*

E o título que se obtén é o de Técnico superior de artes plásticas e deseño, en... (denominación do ciclo correspondente), que permite o acceso a estudos superiores.

A estrutura dos Ciclos Formativos é de dous cursos académicos, con módulos formativos de duración variable, e inclúen unha fase de formación práctica en empresas, estudos ou obradoiros.

As familias profesionais que pertencen a estes ciclos formativos son:

- Artes Aplicadas á Escultura
- Cerámica Artística
- Deseño Gráfico
- Xoiaría Artística
- Deseño de Interiores
- Artes Aplicadas ao libro

Os centros onde se poden cursar estas ensinanzas son:

- Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso da Coruña.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo da Coruña.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo.
- Escola de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde de Ourense.

## DANZA

Fundaméntase no estudo paralelo da danza clásica e a danza española coa dobre finalidade de que a interpretación de ambas contribúa ao desenvolvemento das capacidades expresivas e sirva de formación básica para a posterior elección de especialidade nas ensinanzas profesionais.

*Organízanse* do seguinte modo:

- Ensinanzas elementais.
- Ensinanzas profesionais.
- Ensinanzas superiores.
- 

As *especialidades de danza* que poderán impartirse nos Conservatorios Profesionais de Danza e nos centros autorizados de Danza, son as seguintes:

- ✓ Danza Clásica
- ✓ Danza Española
- ✓ Danza Contemporánea

Os *centros onde se poden cursar* estas ensinanzas son:

- Conservatorio Profesional de Danza de Lugo.
- Conservatorio Profesional de Danza da Coruña.

A titulación será de Técnico .... (da especialidade cursada).

## MÚSICA

Estas ensinanzas pretenden garantir unha sólida formación no dominio das distintas técnicas instrumentais e o coñecemento da música como fenómeno histórico, estético ou expresivo.

As ensinanzas de música estrutúranse do seguinte modo:

-**Ensinanzas elementais**, con unha duración de catro anos. Para acceder a elas hai que superar unha proba de acceso que terá carácter de proba única.

-**Ensinanzas profesionais**, organizadas nun grao de seis anos de duración.

-**Ensinanzas superiores**, se organizan en diferentes especialidades e consistirán nun ciclo de duración variable segundo as características.

Os centros onde se poden cursar estas ensinanzas son:

As ensinanzas profesionais se poden cursar en calquera conservatorio profesional de Galicia (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Santiago e Ferrol).

As ensinanzas superiores se poden cursar en CMUS Superior da Coruña e no CMUS Superior de Vigo.

## ESTUDOS SUPERIORES DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN

Os estudos superiores de conservación e restauración son equivalentes para todos os efectos ao grao universitario.

As especialidades que se imparten son: Bens arqueolóxicos, Bens escultóricos e Bens pictóricos.

Estes estudos estrutúranse en catro anos académicos, incluíndo as Prácticas externas e o Tráballo de fin de estudos.

O acceso a estas ensinanzas:

- Para os/as aspirantes que reúnan os requisitos de titulación, o acceso esixe a superación dunha proba específica, coa seguinte estrutura:

*Proba de acceso:* parte específica de carácter práctico dos estudos aos que se está a acceder, e parte común de carácter teórico referida ao nivel de estudos precedente ao que se accede.

- Para os estudos de conservación e restauración de bens culturais esta proba está formada polas materias de Historia de España, Física e química, Historia da arte e bioloxía, entre as cales o/ a alumno/a terá que escoller dúas materias.

Estes estudos se poden cursar na Escola Superior de Conservación e Restauración de Pontevedra.

## ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

Os estudos superiores de deseño teñen unha duración de catro anos académicos organizados en especialidades que inclúen prácticas externas o o traballo de fin de estudos.

As especialidades son as seguintes:

- Deseño Gráfico
- Deseño de Interiores
- Deseño de Moda
- Deseño de Produto

Estes estudos pódense cursar en:

- Escola de Arte Superior de deseño Pablo Picasso da Coruña.
- Escola de Arte Superior de deseño Mestre Mateo de Santiago.
- Escola de Arte Superior de deseño Ramón Falcón de Lugo.
- Escola de Arte Superior de deseño Antonio Faílde de Ourense.

---

## OPOSICIÓNS

---

### **Oposicións Auxiliar Administrativo de concellos e do estado.**

Algunhas das tarefas que desenvolven os auxiliares administrativos son: Tarefas de atención ao público, informando, mecanografiando documentos, utilización de terminais de ordenador para cálculo, tratamento de textos, realización de actividades administrativas elementais.

### **Oposicións ao Corpo de Bombeiros.**

Dirixido a aquelas persoas que queiran dedicar o seu traballo ás accións encamiñadas a evitar posibles incendios, a labores de extinción dun incendio, ofrecer axuda e colaboración á sociedade evitando situacións de risco, proporcionar protección e salvamento.

### **Oposicións a Persoal Subalterno**

Dirixido a aquelas persoas que desexan obter un posto fixo na Administración, desenvolvemento tarefas auxiliares en centros públicos, conserxes, porteiros, choferes.

### **Oposicións Axentes Forestais y Medioambiente**

O obxectivo é traballar na Administración Pública realizando labores en espazos naturais, investigando causas de incendios forestais, participando na prevención, controlando especies de flora e fauna, etc.

### **Oposicións Policía Local**

Os Policías Locais, son o corpo de seguridade pública máis cercano á poboación. O traballo del policía local consiste, como ben sabemos, en manter a seguridade e velar por unha boa convivencia na poboación ou zona onde se atopan. Outras funcións da policía local son; xestión do tráfico, vixilancia de dependencias municipais, loita contra a delincuencia, axudar á poboación, protección de persoas,...

### **Oposicións Corpo de Xustiza**

As atribucións deste Corpo consisten na práctica de actos de comunicación (notificacións, citacións, emplazamentos e requerimentos), embargos e lanzamentos, e velar polas condicións de utilización das salas e manter a orden nas mesmas, entre outras. O centro de destino son os xulgados e tribunais, fundamentalmente.

### **Oposicións Profesor Educación Vial - Profesor de autoescola**

Hoxe en día o coche fixo necesario para o desenvolvemento da vida cotiá tanto no traballo, como na vida persoal. Esta situación fai que exista unha gran demanda de profesores coa debida titulación, que impartan clases teóricas e prácticas nas academias particulares para condutores.

---

## **PROGRAMAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL**

---

### **Qué é?**

A Formación Profesional Ocupacional é a Formación Profesional non regrada, destinada a todas aquelas persoas que están en situación de desemprego e que

necesiten adquirir ou perfeccionar o seu nivel de coñecementos nunha determinada ocupación, co fin de facilitar a súa inserción no Mercado Laboral e contribuír á promoción do autoemprego.

### **A quen vai dirixida?**

En xeral a todas as persoas en situación de desemprego que se atopan en idade laboral, (entre 16 y 65 años).

### **Cómo se pode acceder aos cursos?**

Se estás interesado ou interesada en mellorar o teu perfil ocupacional, dende o Servizo Público de Emprego de Galicia poñemos á túa disposición accións de formación especializadas para a mellora das túas competencias profesionais. Podes acceder á información actualizada sobre as actividades formativas xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia seguindo os seguintes vínculos:

<http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/ofertasFormacion/http://traballo.xunta.es/cursos-dirixidos-a-traballadores-desempregados>

Para máis información sobre formación ocupacional, recomendámosche que consultes neste enlace:

<http://emprego.xunta.es/cmspro/contido/botones/preguntasFrecuentes/cursosTaller/cursosTaller.html>

---

## **PROBAS DE ACCESO A CICLOS DE GRAO MEDIO**

---

### **A quen van dirixidas?**

As probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio van dirixidas ás persoas que non cumpran os requisitos académicos de acceso a ciclos formativos de grao medio.

Para poder concorrer á proba é necesario ter cumpridos dezasete anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba.

### **En qué consiste a proba?**

A proba divídese en tres partes:

- *Sociolingüística*: Lingua castelá, Lingua galega, Ciencias sociais.

- *Matemática*: matemáticas.
- *Científico-técnica*: Ciencias da natureza, Tecnoloxía.

### **Como se calcula a nota da proba de acceso?**

A cualificación de cada parte da proba (sociolingüística, matemática e científico-técnica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de catro puntos en cada parte (sociolingüística, matemática e científico-técnica), e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Considerarase aprobada a proba cando se obteña unha cualificación global de cinco puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como "non apto/a". Non cómpre acadar unha nota mínima nas materias de cada parte (sociolingüística, matemática e científico-técnica) para poder facer a media entre elas.

### **A qué me da acceso a superación desta proba?**

A proba dará lugar a obtención dunha certificación na que constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.

A certificación da superación da proba dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio, nas condicións de admisión que se establezan.

Para quen realizase a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superase na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco nas convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de Galicia durante os dous anos seguintes.

Existirá unha porcentaxe de reserva de prazas por cada centro e ciclo para as persoas que accedan pola cota de proba de acceso. A adxudicación de praza estará condicionada pola cualificación obtida na proba.

### **Exemplo de exames:**

Neste enlace podes atopar exames de convocatorias anteriores:  
<http://www.edu.xunta.es/fp/node/255>



---

## PROBA LIBRE PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DA ESO

---

### Quen se pode matricular nestas probas?

Pódense presentar a estas probas todas as persoas que teñan cumpridos dezaoito anos o día anterior á data na que se celebren as probas. Así, por exemplo, se os exames se celebran o 31 de maio, pódense presentar todas aquelas persoas que teñan cumpridos dezaoito anos o 30 de maio. Non existen excepcións a esta regra, nin por motivos laborais nin por motivos de calquera outra índole.

Os/as aspirantes non poderán estar matriculados de forma oficial nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria ou na educación secundaria para persoas adultas. As persoas que, con esa idade, estean matriculadas na educación secundaria para persoas adultas deberán renunciar ao dereito de seren avaliadas por esa matrícula oficial se desexan presentarse ás probas.

### Como son as probas?

As probas están estruturadas en **tres ámbitos**:

-Ámbito da comunicación: inclúe probas específicas correspondentes á Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Lingua estranxeira. Nos exames de lingua castelá e galega, o aspirante deberá demostrar a súa madurez para comprender, analizar e sintetizar textos escritos, e a súa capacidade para expresarse libremente. Por esta razón, o tribunal propoñeralle un tema de redacción en ambas linguas para que o desenvolva persoalmente.

-Ámbito científico-tecnolóxico: inclúe probas específicas de Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (contidos de Xeoloxía, Bioloxía, e Física e química).

-Ámbito social: inclúe contidos correspondentes fundamentalmente a Xeografía e historia, con algunha cuestión concreta de Música e de Educación plástica e visual.

### Como se cualifican?

A persoa aspirante recibirá unha única cualificación para cada ámbito. Isto quere dicir que, por exemplo, no ámbito lingüístico, non recibirá unha cualificación para

lingua castelá, outra para lingua galega e unha terceira para lingua estranxeira, senón unha cualificación global para todo o ámbito.

### **Cal é o temario para preparar estas probas?**

O temario está formado polos contidos propios da educación secundaria para adultos, que están desenvolvidos no anexo da Orde de 24 de xuño de 2008, DOG do 23 de xullo.

Como material de referencia poden valer as unidades didácticas publicadas pola Consellería de Educación para a educación secundaria para adultos.

Na seguinte dirección, hai un manual que explica todo o relacionado con estas probas: organización e partes dos exames, exemplos de exames, etc.

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/1238>

### **Cando se convocan e celebran?**

As probas celébranse dúas veces ao ano. As datas exactas de celebración, as datas de matriculación, os lugares de inscrición, etc. establécense na resolución que convoca as probas.

Os lugares de exame, as datas de celebración, etc., son feitos públicos con certa antelación no seguinte enderezo web: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1238>

### **Que valor teñen as cualificacións obtidas nestas probas?**

As persoas que obteñan avaliación positiva nos tres ámbitos das probas serán propostas para a obtención do título de graduado en educación secundaria.

As persoas que superen un ou dous dos ámbitos manteñen esa cualificación para posteriores convocatorias das probas. É dicir, unha persoa que supere calquera dos ámbitos non debe volver a examinarse dese ámbito ou deses ámbitos e conserva a nota para posteriores convocatorias.

Os ámbitos superados nestas probas teñen tamén validez para as ensinanzas regradas. Así, unha persoa que supere, por exemplo, o ámbito lingüístico pode acudir despois a un centro de adultos ou a un instituto para que lle dean por aprobado o ámbito correspondente (secundaria para persoas adultas) ou as materias de 4º curso da ESO integradas nese ámbito.

### **Exemplos de exames:**

Os exames inclúen exclusivamente preguntas de respostas cerradas. É dicir, cada pregunta dos exames incluírá tres respostas, entre as que o candidato ou candidata

terá que elixir a correcta. En calquera caso, de acordo co que establece a normativa, manterase o exercicio de redacción en lingua galega e lingua castelá. Pode consultar os exames de convocatorias anteriores e as súas solucións no seguinte enderezo web: <http://www.edu.xunta.es/portal/node/1238>

---

## PROBAS DE ACCESO A CICLOS DE GRAO SUPERIOR

---

### A quen van dirixidas?

Ás probas de acceso a ciclos de grao superior van dirixidas ás persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a ciclos de grao superior teñan polo menos dezanove anos ou os fagan no ano de realización da proba e non cumpran os requisitos académicos de acceso a ciclos formativos de grao superior e teñan feitos dezanove anos ou os faga no ano natural de celebración da proba.

Como **novidade** deste ano, **as persoas que posúan o título de técnico de formación profesional ou o título de bacharelato unificado e polivalente (BUP) cumpren os requisitos académicos de acceso a ciclos formativos de grao superior** e, xa que logo, **non terán que presentarse ás probas para acceder a estes ciclos formativos.**

As persoas que posúan un título de técnico de artes plásticas e deseño poderán solicitar a exención da parte específica da proba no caso de escoller a opción B.

As persoas que posúan un título de técnico deportivo poderán solicitar a exención da parte específica da proba no caso de escoller a opción C.

### En qué consiste a proba?

A proba divídese en dúas partes:

- Parte común: lingua galega, lingua castelá e matemáticas
- Parte específica: Nas solicitudes, elixírase unha única opción (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escolleranse soamente dúas das tres materias da opción.

**Opción A:** economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía e cidadanía.

**Opción B:** debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física.

**Opción C:** ciencias da terra e ambientais, química e bioloxía.

A proba dará lugar á obtención dunha certificación na que constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a compoñen.

### **Como se calcula a nota da proba de acceso?**

A cualificación de cada parte da proba (común e específica) será numérica, entre cero e dez puntos. A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (común e específica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como “non apto/a”.

Para calcular a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

### **A qué me da acceso a superación desta proba?**

A proba dará lugar a obtención dunha certificación na que constará a nota final lograda e a cualificación obtida. A devandita certificación incluírá a relación de familias profesionais ás que se poderá acceder, nas condicións de admisión que se establezan.

Para quen realizase a proba na Comunidade Autónoma de Galicia e non a superase na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco nas convocatorias de probas de acceso a ciclos formativos de Galicia durante os dous anos seguintes.

### **Exemplo de exames:**

Neste enlace podes atopar exames de convocatorias anteriores:

<http://www.edu.xunta.es/fp/node/269/>

---

## PROBA LIBRE PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHARELATO

---

### Quen se pode presentar?

Pódense presentar a esta proba todas as persoas que cumpran vinte anos ao longo do ano en que se celebren.

Non se poderán presentar as persoas que estean matriculadas no bacharelato, por algunha das modalidades polas que se imparte (presencial, semipresencial ou telemática) ou que estivesen matriculadas nel o mesmo curso escolar de celebración da proba.

### Como é a proba?

A proba organízase de xeito diferenciado segundo as distintas modalidades de bacharelato.

A proba consta de dous exercicios, o primeiro deles dedicado ás materias comúns e o segundo, ás materias de modalidade.

Os contidos dos exercicios terán como referente os aspectos básicos do currículo recollido no Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

**1º EXERCICIO** dedícase ás **materias comúns de bacharelato** e terá unha duración de cinco horas.

Nel valorarase a madurez intelectual e a formación xeral do aspirante naquelas competencias que favorecen a aprendizaxe ao longo da vida.

Será común para as diferentes modalidades e estrutúrase en catro partes:

**Lingua galega e literatura.** Unha serie de cuestións nas que se valorarán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e recoñecemento das características textuais. E unha serie de cuestións sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura galega, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica do aspirante.

**Lingua castelá e literatura.** Unha serie de cuestións nas que se valorarán as habilidades e destrezas de expresión e comprensión e as capacidades de reflexión sobre aspectos lingüísticos, de interpretación crítica de textos e de análise e

recoñecemento das características textuais. Unha serie de cuestións sobre movementos literarios, obras e autores relevantes da literatura en lingua castelá, nas que se valorarán as capacidades de comparación, interpretación e valoración crítica do aspirante.

**Lingua estranxeira.** A partir dun texto ou textos propostos, o aspirante deberá demostrar as súas capacidades de comprensión e expresión escritas na lingua obxecto de exame, que poderá ser inglés ou francés.

**Resto de materias comúns.** Exame combinado do resto das materias comúns. O aspirante responderá por escrito a unha serie de cuestións relativas aos contidos das materias de **Ciencias para o mundo contemporáneo, Filosofía e cidadanía, Historia da Filosofía e Historia de España.**

**2º EXERCICIO:** será diferente para cada unha das modalidades e terá unha duración de catro horas. Versará sobre as materias de modalidade. Avaliará o logro dos obxectivos propios do bacharelato e a adquisición das destrezas básicas das materias da modalidade, como a comprensión de conceptos, o manexo da linguaxe científica, a resolución de problemas e a capacidade de analizar, relacionar e sintetizar.

Este exercicio **terá tres partes.**

A primeira parte de materias obrigatorias de modalidade (Matemáticas I e II na modalidade de Ciencias e tecnoloxía; Historia do mundo contemporáneo e Xeografía na de Humanidades e ciencias sociais).

A segunda e terceira parte serán outras catro materias de modalidade. Nas outras dúas partes, o aspirante realizará o exame doutras catro materias de modalidade, que escollerá de acordo coas opcións que se sinalan nos cadros seguintes:

<b>MODALIDADE DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA</b>	
<b>Parte 1</b>	Matemáticas (I e II)
<b>Parte 2: unha destas opcións</b>	Física e química e Física
	Física e química e Química
	Física e química e Electrotecnia
	Debuxo técnico (I e II)
<b>Parte 3: unha destas opcións</b>	Bioloxía e xeoloxía e Bioloxía
	Bioloxía e xeoloxía e Ciencias da Terra e medioambientais
	Tecnoloxía industrial (I e II)

<b>MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS</b>	
<b>Parte 1</b>	Historia do mundo contemporáneo e Xeografía
<b>Parte 2: unha destas opcións</b>	Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais (I e II)
	Latín (I e II)
<b>Parte 3: unha destas opcións</b>	Economía e Economía da empresa
	Grego (I e II)
	Literatura universal e Historia da arte

## Como se cualifican?

Para aprobar o primeiro exercicio deberanse obter 5 puntos na súa cualificación global e acadar unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das súas partes. Para aprobar o segundo exercicio deberanse obter 5 puntos na súa cualificación global e acadar unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das súas partes. A cualificación de cada unha das partes dos exercicios será numérica, entre un e dez, sen decimais.

A nota do exercicio será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes.

-A proba considerárase superada cando se superen os dous exercicios que a compoñen.

-A nota media de bacharelato daquelas persoas que superen a proba será a media aritmética das puntuacións dos dous exercicios.

## Onde podo atopar o material para preparar as probas?

Neste enlace tes a información sobre as guías de bacharelato.

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/950>

---

## PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA MAIORES DE 25 ANOS

---

### Quén se pode presentar a esta proba?

As persoas que cumpran os 25 anos de idade no ano natural no que se celebre a proba, que non posúa ningunha titulación académica (Bacharelato ou equivalente, Técnico Superior de Formación Profesional, etc.) e que non estean nalgunha das seguintes situacións:

- Ter superada a PAU tendo superado o Bachillerato ou o COU.
- Estar en posesión dun título universitario de carácter oficial.



- Ter superado o COU con anterioridade ao curso 74/75.
- Ter superado o curso Preuniversitario e as Probas de Madurez.
- Estar en posesión de título de bacharelato conforme a plans de estudo anteriores a 1953.
- Ter superado calquera outros estudos que, por homologación ou equivalencia, outorguen acceso á Universidade (militares, eclesiásticos, etc.).

### Como é a estrutura da proba?

Estruturarase en dúas fases: Xeral e Específica.

**Fase Xeral:** terá como obxectivo apreciar a madurez e idoneidade dos candidatos/as para seguiren con éxito estudos universitarios, así como a súa capacidade de razoamento e de expresión escrita.

Comprenderá catro exercicios:

**1º Exercicio:** Comentario dun texto ou desenvolvemento dun Tema Xeral de Actualidade.

**2º Exercicio:** Lingua Castelá.

**3º Exercicio:** Lingua Galega.

**4º Exercicio:** Lingua estranxeira, elixible entre:Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués.

**Fase Específica:** terá por finalidade valorar as habilidades, capacidades e aptitudes dos candidatos/as para cursaren con éxito as diferentes ensinanzas universitarias vinculadas a cada unha das ramas do coñecemento en torno ás que se organizan os estudos universitarios oficiais de Grao.

A Fase Específica estruturarase nas cinco opcións seguintes vinculadas coas cinco ramas do coñecemento:

OPCIÓN A: Artes e Humanidades.

OPCIÓN B: Ciencias.

OPCIÓN C: Ciencias da Saúde.

OPCIÓN D: Ciencias Sociais e Xurídicas.

OPCIÓN E: Enxeñaría e Arquitectura.

A Fase Específica constará de dúas materias obrigatorias para cada opción e unha materia optativa para escoller polo alumnado no momento de matricularse entre as materias que se ofertan para cada opción.

Probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos.

- Probas de acceso á Universidade para maiores de 40 anos.
- Probas de acceso á Universidade para maiores de 45 anos.



**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: MARÍA JESÚS RODRÍGUEZ  
LASTRES**

**IES SAN CLEMENTE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA**